

Promovendo a igualdade de xénero dende CREA

"Se somos iguais, seremos máis libres"

Simone de Beauvoir

Cal é o obxectivo?

CREA quere contribuír ao logro da plena igualdade das mulleres e á formación dunha sociedade paritaria mediante a visibilización das directoras e realizadoras e os seus traballos.

A partir dunhas líñas xerais de actuación que se incorporarán transversalmente a todo o traballo desenvolto por CREA, preténdese contribuír á educación en igualdade da sociedade galega e incorporar de forma natural un comportamento igualitario que permita ás socias acadar unha posición de plena igualdade profesional.

Como o imos facer?

Traballaremos dúas liñas de actuación transversais

1) Visibilidade e participación

Usaremos unha linguaxe incluínte e non sexista en todos os documentos e comunicacións de CREA.

Fomentaremos a participación igualitaria de socias e socios en todos os actos e actividades promovidas por CREA, motivando especificamente a implicación das directoras e realizadoras.

Buscaremos a cooperación e as sinerxias con entidades e institucións que polas súas competencias ou actividades poidan axudar na visibilización específica das directoras e os seus traballos.

Organizaremos anualmente un evento para o seguemento e intercambio de experiencias profesionais desde o punto de vista da igualdade de xénero.

Daremos cabida ás iniciativas de socias e socios que fomenten á igualdade no marco das liñas de actuación xeral establecidas pola directiva (viabilidade, solvencia, xestión, participación e implicación das socias).

Crearemos grupos de traballo nas diferentes actividades programadas para facilitar a implicación de socias e socios.

2) Formación

Ademais de fomentar a participación igualitaria na docencia de talleres e cursos programados por CREA, impulsaremos actividades de formación (talleres, cursos, charlas, coloquios..) protagonizadas por mulleres. Nunha sociedade pouco igualitaria, amosar o talento, o traballo e a traxectoria profesional de directoras e realizadoras axudará a cambiar a percepción sobre a presenza das mulleres no audiovisual e, concretamente, en postos de dirección.

Promoveremos algunha iniciativa dirixida especificamente a rapazas adolescentes interesadas na dirección ou realización audiovisual.

Algunhas propostas de actuación para o 2016-17

Ano Maruja Mallo (Real Academia das Belas Artes, 1 de abril de 2017)

Organizar, en colaboración con outras entidades, unha actividade onde mulleres directoras e realizadoras de CREA recoñezan e valoren o traballo da artista.

Facer seguemento e achegas ao estudo que a Xunta de Galicia vai elaborar, en colaboración co AGADIC e o Consello de Cultura Galega, sobre a presenza e participación das mulleres no sector cultural, para conseguir que o diagnóstico reflecta a situación das directoras e realizadoras galegas.

Concertar entrevistas co Consello da Cultura Galega, Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta e outras administracións e asociacións para valorar posibles colaboracións nesta materia.

Recoñecer nos premios CREA 2017 o traballo dalgunha socia ou, no seu caso, socio en relación á igualdade.

Avaliar a perspectiva de xénero na convocatoria de subvencións.

Agosto 2016